

A ETNOGRAFÍA NO CONTEXTO DA ASIGNATURA SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN

Jorge García Marín.

“Á Socioloxía gústalle a educación, pero á educación non parece que lle guste moito a socioloxía, e ámbalas dúas actitudes son doadamente explicables”

(Fernández Enguita, 1991)

O PAPEL DA SOCIOLOXIA DA EDUCACION NA FORMACION INICIAL DO PROFESORADO

Podemos partir, primeiramente, dos motivos que nos levan a considerar a educación como obxecto de estudio dende o ámbito da socioloxía:

“as unidades básicas do seu estudio son as relacións interxeracionais nas que especialmente se condensan as tensións de cambio; o contido básico do seu estudio refírese á orixe e definición das partes centrais da cultura; as institucións básicas que trata son o ámbito e o medio principais da transmisión cultural. Encravados neses compoñentes, interacción, contido e institucións, aínda que máis ou menos visibles ou implícitos, desenrolan un papel decisivo elementos de poder e control social” (Alonso Hinojal, 1991, pág. 34)

Consideramos moi axeitada esta reflexión que apunta en dirección á dicotomía que se establece entre os distintos análises dende a Socioloxía da Educación, segundo nos situemos nas estruturas ou nas prácticas:

“...ó longo destes anos, témonos topado con dous tipos de traballos na Socioloxía da Educación: por unha banda, os que se centraron na análise dos microprocesos, tal e como estes se desenrolan na aula e na escola, levados a cabo sobre todo dende perspectivas fenomenolóxicas ou interaccionistas, e, pola outra, os estudos de “grande teoría”, plantexados a nivel macrosocial e centrados na análise das relacións entre sistema educativo e estruturas sociais.” (Pablo, A. de, 1984, 170)

Xunto a estes niveis macro y micro, Guerrero (1996, págs. 68-69) apunta un nivel

ponte, o *nivel intermedio*. Neste tería cabida o estudio “da composición e características dos diferentes grupos de actores e axentes que integran o sistema educativo, así como as relacións entre eles, os demais grupos sociais e a educación”.

O programa da nosa asignatura reflexa este dobre nivel de análise: Dende a perspectiva macrosociolóxica ocupámonos das relacións entre educación e sociedade, clases sociais, estratificación social, educación e cambio social, educación como medio de control social; dende a perspectiva microsociolóxica centrámonos nas interaccións na aula con especial interese no currículo e xénero. Interésannos tamen dende esta última perspectiva, todos os procesos de resistencia na aula.

O obxectivo que nos propoñemos, dende a Socioloxía da Educación, é dotar ós futuros profesionais de coñecementos e xeitos de relación que supoñan que eles mesmos empezan a “aprender a pensar” dende a nosas aulas, reflexionando, en última instancia, sobre o contexto social no que se ten que desenrolar o seu traballo. Entendemos, nembargantes, que isto que na teoría é moi bonito, na práctica pódese troncar por factores moi diversos, que temos recollido nun traballo anterior:

“... Masificación das aulas; os estudos de Maxisterio como caixón de xastre da Universidade (seleccionado á baixa pola propia Universidade) provocado en parte pola limitación de prazas noutras titulacións, ó que se engade un amplo número de “rebotados” doutras carreiras, e de “rexeitados” como primeira, segunda ou mesmo terceira opción noutras.” (García Marín, 1996, pág. 347)

Dende a filosofía do “aprender a pensar”, cremos fundamental a aportación da Socioloxía da Educación, no que se refire á percepción das rutinas cotiás dos espazos escolares. Traballar no ensino, por enriba das receitas, débese situar nun marco que nos permita “verlo que de verdade fan as escolas (que as veces, resulta ser o contrario do que se di que fan) así como qué facer para facer o que *é posible* facer”(Fernández Palomares, 1991, pág. 21).

En definitiva, na formación inicial do profesorado, a socioloxía como “ente hostil” (Fernández Enguita, 1991), axudaranos entre outras aportacións, e dende estes parámetros, a identificar rutinas docentes ou o propio cuestionamento da neutralidade docente.

A ETNOGRAFÍA COMO NEXO ENTRE TEORÍA E PRÁCTICA

O noso traballo na Socioloxía da Educación, parte do carácter teórico e práctico desta disciplina (tres créditos e un respectivamente). Buscamos sen nengunha dúbida que a teoría fundamente a nosa práctica, e que ésta nos axude a revisar aquela. Un dos primeiros aspectos a considerar, dende este plantexamento, pola súa potencialidade tanto teórica como práctica, refírese á captación dos eventos que se viven a cotío no espazo escolar, que sen dúbida reflexan a direccionalidade hexemónica, explícita ou implícitamente, da autoridade do Estado nas distintas esferas da actividade escolar, reflexándose en procesos tales como “prácticas docentes, procesos pedagóxicos, formas de disciplinamento, organización curricular, e mecanismos burocráticos” (Achilli, 1991).

ÓO analizar a cotidianeidade que se desenrola no interior da escola, coincidimos con Achilli (1991) en que se nos permite “captar o movemento heteroxéneo, ás veces conflictivo e contradictorio, dos procesos da vida escolar, permeados e conectados por procesos políticos e sociais mais xenerais”. Os conflitos, as trasgresións e as resistencias non as podemos identificar evidentemente nun marco dun espazo social autónomo ou aillado.

Necesitamos relacionar, tal e como o explicitou a Nova Socioloxía, accións e estruturas (por exemplo clase, poder e cultura)

Como apoio a reflexión e crítica dos procesos de ensino-aprendizaxe, a perspectiva etnográfica preséntasenos como unha metodoloxía moi axeitada para que o alumnado dispoña de ferramentas idóneas para analizar diferentes procesos e relacións involucrados nunha determinada “cultura escolar”. Para Goetz e LeCompte (1988), a etnografía ademais dun produto, é un proceso, un xeito de estudar a vida humana. Estas autoras, sitúan como obxecto da etnografía educativa o feito de aportar “valiosos datos descriptivos dos contextos, actividades e crencias dos participantes nos escenarios educativos”.

A formación e entramento na investigación da cotidianeidade escolar (fundamentalmente no rexistro etnográfico) , presenta un continuo de dificultades e atrancos, entre os que Achilli (1993) salienta os problemas da investigación nun “espacio reglado”, o aburrimiento, a dificultade para “extranar” a cotidianeidade escolar, a sensación caótica diante do conxunto de datos, a análise, e, a carga empirista na interpretación. Podemos salienta que os deseños etnográficos, a nivel teórico e epistemolóxico, caracterízanse por ser unha tarefa difícil.

EXEMPLIFICACIÓN DO TRABALLO: OBSERVACIÓN PARTICIPANTE E NON PARTICIPANTE

Á hora de enfocar o traballo práctico có alumnado¹, debemos considera-las limitacións do tempo (obviamente non é posible realizar estadías prolongadas nos campos de elección) e recursos, o que nos leva a realizar unhas observacións en espazos non escolares onde non teñamos que negociar o acceso. Nesta situación, os espazos públicos convírtese no noso laboratorio particular .

O deseño etnográfico (no que se refire ós procedimentos de selección, ós roles do investigador, ás estratexias de recollida de datos e ós procedimentos de análise e interpretación) baseámolo no traballo de Goetz y LeCompte (1988), namentras que empregamos aspectos teóricos de E. Goffman (1971), para elaborar/categorizar a nosa recollida de información.

Escollidos os potenciais escenarios de estudio polos distintos grupos, establecemos como estratexias de recollida de datos ou ben métodos interactivos, a través da observación participante, ou métodos non interactivos, mediante a observación non participante. Entre as directrices que empregamos para familiarizarmos nestas estratexias, ofrecemos unha síntese de redes observacionais empregadas habitualmente polos antropólogos e sociólogos (como as expostas por Goetz y LeCompte, 1988, páxs. 128-129). Na recollida de información é fundamental que o profesor esté apoiando ós grupos nas súas observacións, integrándose no grupo.

O noso traballo consiste no que LeCompte (1969) denomina *vagabundeo*², e que Goetz y LeCompte (1988) estipulan como “recoñecer o terreno”. Nesta familiarización,

(1) Alumnado da Facultade de Educación : 1º de Pedagogía e 1º de Maxisterio nas súas distintas especialidades: Infantil, primaria, lingua extranxeira e música.

(2) Tamén denominado *diagramación (mapping)* por Schatzman e Strauss (1973): *Field Research: Strategies for a Natural Sociology*, Englewood Cliffs, Prentice-Hall.

rexístranse as características do grupo (número, idade, status socioeconómico, sexo, identidade racial e étnica), trázase un plano do lugar, e sacanse á luz os constructos dos participantes, analizando a comunicación verbal e non verbal.

Imos exemplificar, con algún anaco dos traballos do alumnado, algunhas observacións apoiadas polos conceptos teóricos de E. Goffman (1971).

A) Rexión Anterior e Rexión Posterior:

...”consideramos que a xente cambia cando atravesamos a porta tanto deste como de calquera outro templo. Pasa a adoptar un novo rol acorde co lugar visitado que lle permite interpretar un novo papel. Aínda que non todo o mundo actúa do mesmo xeito existe un protocolo básico e un percorrido que é adoptado pola maioría. Atópanse entón na rexión anterior e a representación empeza a tomar forma.” (Carolina, Rocío y Marina: *Capela A Corticela-Catedral Santiago*)

...” as condutas de cada individuo están clasificadas na rexión anterior (onde ten lugar a venda, diante do cliente) ou posterior (por exemplo cando se coloca o peixe, coa man, nos estantes). Téntase ocultar a segunda rexión tra-la primeira, xa que podería repercutir no número de vendas.” (Cristina y Ana Isabel: *O Mercado*)

B) Fachada (Apariencia e Modais):

...” mans na cara ou na fronte, movementos da cabeza (cabeza baixa e logo mirando cara arriba), expresión de dor, as mans cruzadas...son algunhas das características que permiten identificalos.” (Carolina, Rocío y Marina: *Capela A Corticela-Catedral Santiago*)

C) Realización dramática:

...”na gandería isto faise salientable xa que os gandeiros, en ocasións esaxeran a calidade do seu gando ou modifican algúns aspectos dos animais. Da acordo con este punto, dicir que cando realizábase a investigación chamábanos a atención que algúns gandeiros lle cortaran o rabo ós seus becerros: máis tarde, ó preguntarlle a unha persoa, díxonos que era unha pequena “trampa” para que os becerros parecesen máis novos e lles pagasen máis cartos na venda.” (Raquel, Lucía y María: *Feira do gando*)

D) Disciplina dramática:

...”na actuación dos gandeiros é moi importante ser leal ás propias actuacións. Por exemplo no transcurso dunha venda o comprador non debe amosar un interese especial por eles. Mentras o gandeiro debe poñer de manifesto as vantaxas do seu produto e baixar un pouco o prezo para que o comprador sinta un interese maior”. (Raquel, Lucía y María: *Feira do Gando*)

E) Idealización:

...”un home que ves pola rúa atravesar o paso de peatóns cun traxe elegante e un móbil nan man, estanos dando a imaxe idealizada e arquetípica dun executivo, dun home de negocios ou un empresario actual” (Carolina, María y Sonia: *Semáforo da Alameda de Santiago*)

F) Desatención cortés.

...”Cada persona se senta nun asento no que non hai ninguén o seu carón e, non se relaciona con ningunha outra persona. Xeralmente, observan o que acontece en cada momento no escenario, miran a través do cristal o que ocorre no exterior, xogan co billete ou co bolso, principalmente” (Sonia, Edita y Patricia: *Autobús urbano*)

Recurrido de novo a Goetz y LeCompte (1988), diremos que estas estratexias iniciais de diagramación serven para que “os investigadores sexan conscientes dos roles, das formas de recollida de datos máis factibles e relevantes e as posibles técnicas para unha análise dos datos obtidos”.

A análise cos grupos das observacións realizadas sírvenos para desvelar as asuncións teóricas, explícitas ou inconscientes, que se atopan na base dos comportamentos.

A MODO DE CONCLUSIÓN

As observacións realizadas sobre a vida cotiá³, adquiren unha importante dimensión como primeiro paso cara a desvelar as teorizacións implícitas, as rutinas, as “receitas” e “tipificacións” que sustentan as praxis de docentes e alumnado.

A nosa docencia, dende a asignatura Socioloxía da Educación, pretende que o alumnado se achegue o mundo intersubxectivo, que definía Alfred Schutz, como aquél no que as personas crean a realidade social, i están constreñidas polas estruturas sociais e culturais creadas polos seus predecesores. Reflexionar sobre o particular “unwelt” e “mitwelt” das relacións ensino-aprendizaxe, proporcionáanos como base de análise a relación dialéctica entre o xeito no que se constrúe a realidade nas aulas e as estruturas sociais.

BIBLIOGRAFÍA

- **ACHILLI, E. (1989):** *Escuela y democratización*, Cuadernos de Formación Docente N° 10, Servicios de Publicaciones de la Universidad Nacional de Rosario, Rosario, Argentina.
- **ACHILLI, E. (1991):** *Democratización escolar. Estudio Antropológico*, Cuadernos de Ciencias Sociales, N° 6, Servicios de Publicaciones de la Universidad Nacional de Rosario, Rosario, Argentina.
- **ACHILLI, E. (1992):** *La investigación antropológica en las sociedades complejas. Una aproximación a interrogantes metodológicos*, Servicios de Publicaciones de la Universidad Nacional de Rosario, Rosario, Argentina.
- **ACHILLI, E. (1993):** *Profe... ¿No quiere que cambiemos la escuela?*, Servicios de Publicaciones de la Universidad Nacional de Rosario, Rosario, Argentina.

(3) Heller (1994), partindo do feito de que para reproducir a sociedade é preciso que os homes particulares se reproduzan a sí mesmos como homes particulares, considera a *vida cotiá* como o conxunto de actividades que caracterizan a reprodución dos homes particulares, os cais, a súa vez, crean a posibilidade de reprodución social.

- **ACHILLI, E. (1994):** “La investigación etnográfica en educación. Explorando su desarrollo en los tiempos de la posmodernidad”, ponencia presentada en **V Simposio Interamericano “La investigación etnográfica en el marco de la investigación cualitativa en educación”**, San José, Costa Rica, 3-5 Noviembre de 1994.
- **ALONSO HINOJAL, I. (1991):** *Educación y sociedad. Las sociologías de la educación*, Ed. Siglo XXI, Madrid.
- **FERNANDEZ ENGUITA, M. (1991):** “Sociología sí, sociología no”, en **CUADERNOS DE PEDAGOGIA**, N°. 190, págs. 8-10.
- **FERNANDEZ PALOMARES, F.(1991):** “La sociología y los profesores”, en **CUADERNOS DE PEDAGOGIA**, N°. 190, págs. 20-21.
- **GARCIA MARIN (1996):** “Aportaciones a la socialización de género desde la asignatura de Sociología de la Educación: Experiencia en las Escuelas Universitarias de Profesorado de E.G.B. de Lugo y Santiago” en **RADL PHILIPP (Ed.): Mujeres e Institución Universitaria en Occidente. Conocimiento, investigación y roles de género**, Universidad de Santiago, págs. 347-364.
- **GOETZ, J. P. y LECOMPTE, M. D. (1988):** *Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa*, Morata, Madrid.
- **GOFFMAN, E. (1971):** *La presentación de la persona en la vida cotidiana*. Amorrortu editores, Buenos Aires.
- **GUERRERO SERON, A. (1996):** *Manual de Sociología de la Educación*, Síntesis, Madrid.
- **HELLER, A. (1994):** *Sociología de la vida cotidiana*, Península, Barcelona.
- **LECOMPTE, M. D. (1969):** *Education and the Social Order*, Universidad de Chicago
- **PABLO, A. de (1984):** “Causalidad, estructura y acción social: Consideraciones en torno a la sociología de la educación”, en **FERNANDEZ ENGUITA, M. (Ed.): El marxismo y la sociología de la Educación**, Akal, Madrid, págs. 163-186.